



## A UNIDADE DE CIRURXÍA DE PAREDE ABDOMINAL DA ÁREA SANITARIA DE VIGO ORGANIZA A SÚA 1ª XORNADA NA QUE PRESENTAN O SEU LABOR

- *Esta primeira xornada organizouse cun formato técnico-práctico coa que esta Unidade pretendeu ofrecer o seu coñecemento e transmitir a súa transversalidade con outros servizos de cirurxía*
- *A Unidade de Cirurxía de Parede Abdominal creouse na Área Sanitaria de Vigo hai dous anos pola iniciativa do Servizo de Cirurxía Xeral, seguindo o exemplo dos principais centros de referencia cirúrxica a nivel internacional*
- *Ademais do contido teórico, o encontro contou con nove intervencións cirúrxicas a modo de exemplo que se desenvolveron ao longo do día*

**Vigo, 22 de abril de 2024.-** A Unidade de Cirurxía de Parede Abdominal da Área Sanitaria de Vigo organizou o pasado venres a súa *1ª Jornada de Cirurxía de Parede Abdominal Compleja*, un encontro con formato *workshop* co que esta Unidade quixo difundir o seu labor e por en común as últimas novidades cirúrxicas neste ámbito, ademais de transmitir a súa transversalidade con outros servizos de cirurxía.

Neste primeiro encontro, no que participaron non só o persoal desta Unidade senón que cirurxiás e cirurxiáns doutras especialidades do resto do Estado e de Portugal, presentáronse determinados casos clínicos que serviron de exemplo do labor que están a desenvolver dende a Unidade de Cirurxía de Parede Abdominal, completándose con dúas sesións cirúrxicas, unha delas pola mañá e outra pola tarde, nas que se fixeron nove intervencións empregando dous quirófanos e diferentes técnicas.



### **Importancia da Unidade**

A Unidade de Cirurxía de Parede Abdominal creouse na Área Sanitaria de Vigo hai dous anos pola iniciativa do Servizo de Cirurxía Xeral, seguindo o exemplo dos principais centros de referencia cirúrxica a nivel internacional, motivado pola existencia de determinadas patoloxías, como eventracións (orificios na parede abdominal por onde pode saír contido intraperitoneal provocado, en ocasións, por unha mala cicatrización dunha incisión realizada na parede abdominal durante unha intervención cirúrxica) ou hernias inguinais, que precisan dun maior coñecemento e práctica cirúrxica especializada.

Desta maneira, calquera paciente que precise dunha intervención cirúrxica e que presente algunha complicación na parede abdominal, implica a necesidade de realizar cirurxías con especialistas que coñezan, non só a natureza orixinal da intervención, senón esta situación abdominal complexa.



Por iso, a creación desta Unidade de Parede Abdominal non só reúne a especialistas desta materia na Área Sanitaria de Vigo, senón que se constitúe nun equipo de referencia, apoio e transferencia de coñecementos e técnicas á cirurxía xeral, o que fundamenta e dá sentido á iniciativa destas xornadas que se iniciaron o pasado venres e que esperan ter unha periodicidade semestral, ao fin de manter ao día ao total dos equipos de cirurxía da Área Sanitaria.

### Transversalidade

Por todo o exposto, esta Unidade de Cirurxía de Parede Abdominal naceu con vocación de transversalidade, ofrecéndose á cirurxía en xeral e traballando estreitamente en común con outras especialidades da Área Sanitaria, como é o caso do Servizo de Anestesioloxía, co que esta Unidade colabora permanentemente no emprego de novas técnicas como a toxina botulínica aplicada para mitigar a dor ás e aos pacientes con problemas de abdome ventrado e moi separado, ou mesmo ao Servizo de Radioloxía, no caso de detección de complicacións como neumoperitoneos ou na especialización na realización de TACs de parede abdominal, ofrecendo unha gran axuda ao preoperatorio.



### Teoría e práctica

Con isto, o contido deste primeiro *workshop* contou cunha presentación da Unidade de Parede Abdominal para pasar a abordar diferentes casos clínicos que foron o preámbulo da primeira sesión de cirurxía, consistente nunha eventración complexa empregando a técnica de liberación do músculo transversal (TAR), mentres que no



segundo dos quirófanos dispostos levouse a cabo unha eventración coa técnica Rives-Stoppa (aproximación do músculo recto á liña media e a colocación dunha malla no espazo retromuscular do músculo recto anterior) e unha Diástase de rectos, mediante a reparación anatómica completa de músculos e fascias abdominais anteriores (técnica REPA).

Xa pola tarde, a sesión de cirurxía desenvolveuse no primeiro dos quirófanos con tres reparacións laparoscópicas transabdominais preperitoneais de hernia inguinal (técnica TAPP) e, no segundo quirófano, outras tres reparacións laparoscópicas totais extraperitoneais de hernia inguinal (técnica TEP).



Este *workshop* contou coa presenza da Dra. Raquel Sánchez Santos, xefa do Servizo de Cirurxía Xeral da Área Sanitaria de Vigo; a Dra. Sonia González e o Dr. Ignacio Maruri, ambos coordinadores da Unidade de Cirurxía de Parede Abdominal do Hospital Álvaro Cunqueiro. Así mesmo participaron como cirurxiáns docentes a Dra. M<sup>a</sup> Isabel Sartal e os Dres. Bruno Blanco e Juan Merino, pertencentes tamén ao equipo da Unidade de Cirurxía de Parede Abdominal.